

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**  
**USO DE INSTALACIÓNS DURANTE A FASE 2 DA DESESCALADA DA CRISE SANITARIA**  
**PROVOCADA POLO COVID 19**

Considerando o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA e a normativa complementaria ao mesmo, publicada no BOE ata o día da data.


Esta Alcaldía, en virtude das competencias que lle outorga a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

**RESOLVE:**


**PRIMEIRO:** Establecer as seguintes condicións de obrigado cumprimento, nas instalacións e actividades que se fan constar, durante a FASE 2 da desescalada da crise sanitaria provocada polo COVID 19, tendo en conta as seguintes normas aplicables a todas as actividades:

- a) Calquera actividade permitida deberá desenvolverse en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social. O uso das máscaras fora do fogar é obrigatorio cando non poida garantirse o distanciamento social. Igualmente, deberase facilitar a dispoñibilidade e o acceso a solucións hidroalcohólicas para practicar unha hixiene de mans frecuente.
- b) Todos os locais e demais establecementos, así como o seu equipamento, das actividades permitidas deberán ser periodicamente desinfectados e hixienizados.

<b><u>INSTALACIÓN /ACTIVIDADE</u></b>	<b><u>FASE2</u></b>
<b>CASA DO CONCELLO</b>	Apertura con atención ao público con cita previa, de 9,00 a 14,00 horas  Solicitud de cita previa no teléfono 986755036  Os servizos que prestarán atención ao público son Rexistro, Oficinas Xerais, Urbanismo e Arquitectura, Servizos Sociais e Alcaldía  Todos os servizos activos na sede electrónica: <a href="https://forcarei.sedelectronica.gal">https://forcarei.sedelectronica.gal</a>  Notaría atención ao público con cita previa no teléfono 986755667
<b>FEIRAS</b>	Poderán reiniciar a súa actividade os mercados ao aire libre/venda non sedentaria na vía pública, <b>con condicións de distanciamento entre postos</b> , e delimitación do mercado ambulante para correcto control do aforo polas forzas de seguridade.  Garantirase a limitación dun tercio dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure el mentemento de la distancia social de dous metros.  -Permitirase aumentar a superficie da feira para a instalación dos postos e garantir as distancias necesarias.  -Priorizarase a comercialización de produtos alimentarios e de primeira necesidade.



<p><b>BIBLIOTECA</b></p>	<p>Préstamo e consulta en sala con limitación de aforo 1/3 máximo.</p> <p>As salas infantís e as coleccións de libre acceso permanecerán pechadas.</p> <p>Cando un usuario abandone o posto de lectura, este haberá de ser limpo e desinfectado.</p>
<p><b>CIRCUITO CAFETERIA</b></p>	<p>Apertura de terraza con medidas de distanciamento e hixiene: limitarase ao 50% das mesas permitidas en anos anteriores en base á licenza municipal asegurando distancias.</p> <p>Permítese ter maior número de mesas por autorizar o aumento do espazo dispoñible, respectando a proporción mesas/superficie do 50%.</p> <p>Antes da reapertura, haberá que facer unha limpeza e desinfección xeral a fondo de todas as estancias e o mobiliario das instalacións.</p> <p>Para consumo no interior, aforo máximo de 40%. Só consumo en mesas, cumprindo as distancias estipuladas entre as mesmas. Non haberá servizo de barra.</p>
<p><b>CIRCUITO DEPORTE PROFESIONAL FEDERADO</b></p>	<p>Apertura con medidas de hixiene e protección reforzadas e, se é posible, quendas.</p> <p>A instalación estará provista de material de desinfección.</p> <p>Na actividade gardaranse en todo momento as medidas preventivas indicadas. Os responsables establecerán baixo a súa responsabilidade os horarios necesarios para garantir que os deportistas garden as distancias previstas.</p> <p>Antes da reapertura, haberá que facer unha limpeza e desinfección xeral a fondo de todas as estancias e o mobiliario das instalacións deportivas.</p> <p>Tamén haberá que realizar limpeza e desinfección máis a miúdo, mínimo dúas veces ao día, especialmente das superficies de contacto manual como picaportes, pomos, varandas, bancos, cadeiras, percheiros e baños, entre outros.</p> <p>Deberase facer un control estrito do acceso ás instalacións, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas, para poder controlar o aforo que se determine</p> <p>En todo o centro haberá información clara e concisa de pautas de aseo e normas de comportamento, mediante cartelería e sinalectica de recursos, para minimizar o risco de contaxio, distribuídas por zonas de práctica deportiva, entrada, aseos e principais zonas de paso</p> <p>Adestramento básico en ligas non profesionais federadas.</p> <p>Adestramento total en ligas profesionais.</p>



<b>XIMNASIO</b>	<p>Permítese o uso deste tipo de centros de maneira individual, con cita previa, por quendas e sen contacto físico.</p> <p>30 % do aforo máximo.</p>
<b>PISTA PÁDEL</b>	<p>Apertura na fase 2.</p> <p>-En todo caso, seguiranse as medidas de prevención e protección establecidas polas autoridades sanitarias.</p>
<b>IGREXAS</b>	<p>Limitación ao 50 % do aforo</p>
<b>CEMITERIOS</b> <b>VELATORIOS</b> <b>CEREMONIAS FÚNEBRES</b> <b>ENTERRAMENTOS</b>	<p>Autorízanse os velorios en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, cun límite máximo de 25 persoas en espazos ao aire libre e 15 persoas en espazos pechados.</p> <p>A participación na comitiva para o enterramento da persoa falecida restrínxese a un máximo de 25 persoas, entre familiares e achegados, ademais de, no seu caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.</p> <p>En todo caso, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19, relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade de dous metros, hixiene de mans e mascarilla.</p>
<b>HOSTALERÍA</b> <b>RESTAURANTES</b> <b>CAFETERÍAS</b>	<p>Terrazas: Limitarase ao 50% das mesas permitidas en anos anteriores en base á licenza municipal asegurando distancias.</p> <p>Autorízase ter maior número de mesas e permítese máis espazo dispoñible, respectando as distancias en proporción mesas/superficie do 50% e cun incremento proporcional de espazo peonil no mesmo tramo da vía pública.</p> <p>Respectarase en todo caso as entradas, portais e tránsito dos peóns.</p> <p>En ningún caso estará permitido invadir ou obstaculizar a entrada de vivendas particulares.</p> <p>Para locais, consumo no interior con servizo en mesa con garantía de separación entre clientes en mesa e entre mesas.</p> <p>Limitación no interior: Máximo 40 % de aforo. Só consumo sentados ou para levar.</p> <p>Non haberá servizo de barra</p>
<b>COMERCIO MINORISTA E ACTIVIDADES DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS</b>	<p>Autorízase a apertura xeneralizada dos locais e establecementos comerciais do concello con aforo limitado ao 40 %.</p> <p>Garantirase unha distancia mínima de 2 metros entre clientes. Cando esto non sexa posible, permitirase unicamente a permanencia de un cliente.</p> <p>Establecerase un horario de atención preferente para persoas maiores de 65 anos.</p>



**SEGUNDO:** Será obrigatorio o uso de cubrebocas, para as persoas de 6 anos en diante, nos espazos seguintes:

-Vía pública

-Espazos ao aire libre e calquera espazo pechado de uso público ou que estea aberto ao público, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguriedade interpersonal de, polo menos, dous metros.

A dita obriga non será esixible nos seguintes supostos:

- A) Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso do cubrebocas.
- B) Persoas para as que o uso de cubrebocas resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificadas, ou que pola súa situación de discapacidade ou dependencia presente alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- C) Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza das mesmas, resulte incompatible o uso do cubrebocas.
- D) Causas de forza maior ou situación de necesidade.

**TERCEIRO:** O Servizo de recollida de voluminosos, por parte do Concello, realizarase unha vez cada 15 días.

O Punto Limpo, reabrirá para que os veciños poidan levar directamente material. O horario do mesmo será o seguinte:

Sábado: 10,00 a 13,00 e 16,00 a 19,00

**CUARTO:** A presente resolución da Alcaldía terá vixencia durante o periodo no que a Fase 2 da Desescalada teña efectos no Concello de Forcarei.

**QUINTO:** Dar traslado da presente resolución á Comisión de Seguimento do Covid-19 no Concello de Forcarei e aos Grupos Políticos integrantes da Corporación Municipal do Concello, así como darlle publicidade a través da sede electrónica e na páxina web municipal.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE**

